

## ANUNCIO

Por Resolución da Alcaldía nº 371/2023 aprobouse a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas\_Monitor/a Deportivo/a (C 24), da oferta de estabilización de emprego temporal do Concello de Rianxo 2022 que textualmente di:

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**Aprobación da listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas\_Monitor/a Deportivo/a (C 24)**

## ANTECEDENTES

O Concello de Rianxo publicou no BOP núm. 246, do 29/12/2022, a aprobación das bases xerais e específicas de estabilización Lei 20/2021 aprobadas pola Resolución da Alcaldía núm. 1029/2022, do 28/12/2022, e que incluían 1 praza de monitor/a deportivo/a (Ref. C 24).

O Concello de Rianxo publicou no BOE núm. 313, do 30/12/2022, a convocatoria para prover as ditas prazas.

O prazo para a presentación das instancias para participar no dito proceso foi de 20 días naturais, segundo o establecido no punto 3 da base sexta das ditas bases; así, o día 19/01/2023 rematou o prazo de presentación das instancias.

## FUNDAMENTACIÓN

Unha vez rematado o dito prazo realizouse a comprobación de todas as solicitudes presentadas segundo o establecido nas bases aprobadas pola Resolución da Alcaldía núm. 1029/2022, do 28/12/2022.

De acordo co indicado, e no uso das atribucións dispostas no artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

## PRIMEIRO

Aprobar a listaxe provisional anonimizada de persoas admitidas que se relacionan a continuación:

NÚM. ORDE	APELIDOS E NOME	DNI	PROBA DE GALEGO
1	Castaño Frieiro, Mauro	***8713**	Exento/a
2	Peral López, Daniel	***1274**	Non exento/a
3	Villanustre Ordóñez, Ramón	***8632**	Exento/a

## SEGUNDO

Aprobar a listaxe provisional anonimizada de persoas excluídas do citado proceso, que inclúe ás seguintes persoas:

NÚM. ORDE	APELIDOS E NOME	DNI	PROBA DE GALEGO	CAUSA EXCLUSIÓN
1	Lorenzo Vicente, Abel	***0577**	Non exento/a	1

Causas da exclusión:	
1	Non presenta Titulación requirida

As persoas aspirantes excluídas, así como aquelas que non figuren nas listaxes, disporán dun prazo **de dez días hábiles** para a súa emenda, de acordo co artigo 68 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou, no seu caso, advertir para posibles omisións sen causa indicada. Quen, dentro do dito prazo, non emende as causas de exclusión indicadas, será definitivamente excluído do proceso. Este prazo iniciarase ao día seguinte da publicación desta listaxe no BOP.

Finalizado o prazo de emenda, a Alcaldía ditará resolución aprobando a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, con indicación do nome, apelidos e catro cifras aleatorias do DNI dos/as admitidos/as e das causas da exclusión.

No caso de omisións sen causa indicada e que respondan a erros de feito, materiais ou aritméticos o aqueloutros que non afecten ao cumprimento dos requisitos de participación no proceso selectivo poderanse emendar de oficio, ou a petición da persoa interesada, con posterioridade a aprobación da listaxe definitiva de persoas admitidas.

As anteditas resolucións sobre listaxes provisionais e definitivas de aspirantes admitidos e excluídos serán obxecto de publicación, ademais de no BOP da Coruña, no taboleiro de anuncios (físico e electrónico) e no sitio web municipais.

Rianxo, 25 de abril de 2023.

O Alcalde, Adolfo Muíños Sánchez